



## ORZAMENTO XERAL.

EXERCICIO 2023

MEMORIA CADRO DE PERSOAL 2023

### 1. NORMATIVA

O artigo 90.1 da Lei 7/1985 de 2 de abril, Reguladora de Bases de Réxime Local establece que corresponde a cada Corporación local aprobar anualmente, a través do Orzamento, o cadro de persoal, que deberá comprender todos os postos de traballo reservados a funcionarios, persoal laboral e eventual. Sinálase no apartado 2 do mesmo artigo que as Corporacións locais formarán a relación de todos os postos de traballo existentes na súa organización, nos termos previstos na lexislación básica sobre función pública.

Con referencia ó anterior, o artigo 74 da lei 7/2007 de 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público dispón que as Administracións Públicas estruturarán a súa organización a través de relacións de postos de traballo ou outros instrumentos organizativos similares que comprenderán, polo menos, a denominación dos postos, os grupos de clasificación profesional, os corpos ou escalas, no seu caso, a que estean adscritos, os sistemas de provisión e as retribucións complementarias.

Conforme dispón o artigo 69 do Estatuto Básico do Empregado Público, a planificación dos recursos humanos nas Administracións Públicas terá como obxectivo contribuír á consecución da eficacia na prestación dos servizos e da eficiencia na utilización dos recursos económicos dispoñibles mediante a dimensión adecuada dos seus efectivos, a súa mellor distribución, formación, promoción profesional e mobilidade.

### 2. ESTRUCTURA DOS CADROS DE PERSOAL

O cadro de persoal que forma parte do proxecto de orzamentos municipais para 2023 responde á estrutura fixada na Relación de Postos de Traballo (RPT) do concello de Ames, que foi aprobada no ano 2007 (acordo plenario de 13 de xaneiro de 2007, e publicada no BOP con data de 1 de febreiro de 2007). Con posterioridade ten sido obxecto de diversas modificacións puntuais, incorporándose as mesmas aos distintos orzamentos, a última modificación levouse a cabo no 2022 (11ª modificación).

En base aos antecedentes expostos os cadros de persoal estrutúranse da seguinte maneira:

1. **Cadro de persoal funcionario:** reflexa os postos desta natureza creados na RPT facendo constar o departamento e servizo no que se encadran, recollese en cada caso o código numérico que aparece na RPT.

Así mesmo as retribución aparecen desglosadas en términos anuais por soldo, trienios, pagas extras e complementos tanto de destino como específicos.

Recóllese un cadro de observacións e adscricións que ven a aclarar o vínculo co concello segundo os decretos de adscrición de 30 de marzo de 2017 (resolución de alcaldía nº 774/2017).

Recóllese neste cadro aos traballadores/as que manteñen unha vinculación co concello de funcionario/a interino por programas e que foron adscritas temporalmente a algún posto do cadro de persoal funcionario.

2. **Cadro de persoal laboral fixo:** reflexa os postos desta natureza creados na RPT facendo constar o departamento e servizo no que se encadran, recollese en cada caso o código numérico que aparece na RPT.

Así mesmo as retribución aparecen desglosadas en términos anuais por soldo, trienios, pagas extras e complementos tanto de destino como específicos.

Inclúense as retribucións dos traballadores/as que manteñen unha vinculación co concello laboral temporal por obra ou servizo determinado ou indefinidos non fixos por sentenza.

Recóllese un cadro de observacións e de adscricións que ven a aclarar o vínculo co concello segundo os decretos de adscrición antes mencionados.

### 3. Cadro de persoal laboral temporal,

Recolle as retribucións correspondentes aos traballadores/as temporais a través para programas concretos (subvencionados ou non), é con carácter xeral de duración inferior ao ano.

## INCREMENTOS RETRIBUTIVOS EN 2023.

O proxecto de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2023 contempla un subida salarial que se vai aplicar aos empregados públicos das administracións estatal, autonómica e local, e tamén ao sector público empresarial, e que será efectiva desde o 1 de xaneiro de 2023.

Artigo 19.Dous.

1. No ano 2023, as retribucións do persoal ao servizo do sector público non poderán experimentar un incremento global superior ao 2,5 por cento respecto das vixentes a 31 de decembro de 2022, en termos de homoxeneidade para os dous períodos da comparación, tanto polo que respecta a efectivos de persoal como á antigüidade do mesmo.

2. Así mesmo aplicaranse, no seu caso, os seguintes incrementos respecto das retribucións vixentes a 31 de decembro de 2022 e con efectos, en ambos os casos, de 1 de xaneiro de 2023:

a) Incremento vinculado á evolución do Índice de Prezos ao Consumo Harmonizado (IPCA). Se a suma do IPCA do ano 2022 e do IPCA adiantado do mes de setembro de 2023 fose superior ao 6 por cento, aplicarase un incremento retributivo adicional máximo do 0,5 por cento. A estes efectos, unha vez publicados polo Instituto Nacional de Estatística (INE) os datos do IPCA adiantado do mes de setembro de 2023, aprobarase a aplicación deste incremento mediante Acordo do Consello de Ministros, que se publicará no BOE.

b) Incremento vinculado á evolución do Produto Interior Bruto (PIB) nominal no ano 2023. Se o incremento do PIB nominal igualase ou superase o estimado polo Goberno no cadro macroeconómico que acompaña á elaboración da presente Lei de Orzamentos, aplicarase un aumento retributivo complementario do 0,5 por cento.

Polo tanto os incrementos previstos no capítulo I e nos cadros de persoal responden en términos de homoxeneidade ao incremento do 1,5 previsto no Real Decreto-lei 18/2022, de 18 de outubro mais o 2,5% previsto na Lei de Orzamentos Xerais do Estado.

O orzamento tamén recolle un incremento no importe destinado a gratificacións, horas extras e horas complementarias con respecto a 2022.

### Horas extras/gratificacións e complementos por horas festivas ou nocturnas:

Orzamento 2023	Importe
Compens. Policía festivos e nocturnos e distorsión	135.000,00 euros
H.E. Persoal laboral	51.250,00 euros
Gratificación	225.500,00 euros



Horas Complementarias	20.500,00 euros
-----------------------	-----------------

Incorpórase a este orzamento unha partida para substitución e adecuacións retributivas singulares.

Orzamento 2023	Importe
Substitucións	120.000,00 euros
Negociación segunda fase da RPT (adecuacións retributivas singulares)	60.000,00 euros

A estrutura retributiva no orzamento no capítulo 1 para 2023 queda establecida da seguinte maneira:

Gastos de persoal	Importe
Anexo de funcionarios	2.809.403,68
Anexo persoal laboral fixo	3.573.048,07
Anexo persoal temporal	785.449,57
Anexo persoal eventual	148.623,77
Anexo órganos de Goberno	425.240,86
Bolseiros	1.250,00
Substitucións de persoal	120.000,00
Negociación segunda fase da RPT (adecuacións retributivas singulares)	60.000,00
Compensación Policía festivos e nocturnos	135.000,00
H.E. Persoal laboral	51.250,00
Gratificacións	225.500,00
Horas Complementarias	20.500,00
Seguros	4.000,00
Fondo de Acción Social	60.000,00
Seguridade Social *	2.623.201,91
<b>Total</b>	<b>11.042.467,86</b>

\* O concepto Seguridade Social, inclúe os importes dos sumatorios da Seg. Social de:

- O persoal da RPT
- O goberno e o persoal eventual
- O persoal temporal e os funcionarios interinos por programa
- Compensación Policía festivos e nocturnos
- H.E. Persoal laboral
- Gratificacións
- Horas Complementarias
- Fondo de Acción Social

**Total capítulo I: 11.042.467,86€**

**MASA SALARIAL**



A masa salarial para o 2023 será a seguinte:

Clasificación económica	Concepto	Importe
120	Retribución básicas	1.445.012,91
12100	Complemento destino	730.831,78
12101	Complemento específico	973.507,74
130	Retribucións persoal fixo	3.573.048,07
131	Retribucións persoal laboral temporal	565.464,94
150	ProductividadeE	0,00
151	Gratificacións	225.500,00
13001	Horas extras	71.750,00
162	Prestacións sociais	60.000,00
12103	Outros complementos	135.035,88
	<b>Masa Salarial Total</b>	<b>7.780.151,32</b>

O artigo 103 bis da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL), en relación coa masa salarial do persoal laboral do sector público local, sinala que:

As Corporacións locais aprobarán anualmente a masa salarial do persoal laboral do sector público local respectando os límites e as condicións que se establezan con carácter básico na correspondente Lei de Orzamentos Xerais do Estado.

A aprobación indicada no apartado anterior comprenderá a referente á propia Entidade Local, organismos, entidades públicas empresariais e demais entes públicos e sociedades mercantís locais dela dependentes, así como as dos consorcios adscritos á mesma en virtude do previsto na lexislación básica de réxime xurídico das Administracións Públicas e das fundacións nas que conorra algunha das seguintes circunstancias:

Que se constitúan cunha achega maioritaria, directa ou indirecta, das entidades citadas neste apartado.

Que o seu patrimonio fundacional, cun carácter de permanencia, estea formado en máis dun 50 por 100 por bens ou dereitos achegados ou cedidos polas referidas entidades.

A masa salarial aprobada será publicada na sede electrónica da Corporación e no Boletín Oficial da Provincia ou, no seu caso, da Comunidade Autónoma uniprovincial no prazo de 20 días.

Clasificación económica	Concepto	Importe
130	Retribucións persoal fixo	3.573.048,07
131	Retribucións persoal laboral temporal	565.464,94
13001	Horas extras	71.750,00
162	Prestacións sociais	30.000,00
	<b>Masa Salarial Total persoal laboral</b>	<b>4.240.263,01</b>

O alcalde  
José Blas García Piñeiro

